



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE AGOSTO DE 2013

LICENZAS

LIC/1914/2011.- MARIA VIEITES FRAGA.- Conceder licenza para legalización de edificación entre medianeiras na rúa Tras Costa de Santa Isabel, 7.

3.- Propostas da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativas a axudas de carácter social.

A XGL aprobou a concesión de diferentes axudas de carácter social para manutención, aluguer e gastos excepcionais por un importe de 40.051,48 €.

4.- Adxudicación do contrato de Servizo de difusión do xacemento arqueolóxico do Castelo de A Rocha Forte (Realización de Páxina Web e Publicación).

A XGL adxudicou o servizo de difusión do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte, realización da páxina web e publicación á UTE CENLITROSMETROCADRADO SL- A NAVALLA SUIZA S.L por un importe 52.600,03 €. Será sufragado coa subvención concedida polo Ministerio de Cultura para este proxecto.

5.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de Limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por leixonela nas instalacións deportivas municipais.

A XGL aprobou iniciar o expediente de contratación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por leixonela nas instalacións deportivas municipais. Os custos destes servizos son os seguintes:

2013: 5.440 €*

2014: 29.000 €*

2015: 23.560 €*

* IVE incluído.

6.- Adxudicación do contrato de Servizo de actualización e mantemento do Observatorio Urbano Socioeconómico do Concello de Santiago.

A XGL adxudicou o Servizo de actualización e mantemento do Observatorio Urbano Socioeconómico do Concello de Santiago á empresa CYLSTAT Asesoramiento Estadístico S.L. cos seguintes importes:

2013: 5.465,17 €*

2014: 16.395,50 €*

2015: 10.930,33 €*

* IVE incluído.

7.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña para a dinamización para a participación e a inserción social.

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención da Deputación da Coruña por un importe de 44.280 € para o desenvolvemento de servizos sociais para a dinamización e inserción social que permitirá contratar a tres técnicos de inserción laboral, un diplomado en maxisterio, e a compra de diferente material didáctico para levar a cabo estas accións.